

A VÍBORA, PERIGOSA PERO NON TANTO...

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Pepe Salvadores*

O verán arrecende a herba seca, soa o rular, é tempo de cabaliños do demo, de escalos, de coellos ou de víboras. E de víboras vai este comentario.

Na Galiza temos dúas especies de víboras: *vipera seoanei* e a *vipera latas-tei* ou víbora fociñuda. A pesares da mala sonda difundida contra moitos animais da nosa fauna, se non temos alergias especiais, só as víboras poden facernos pasar apuros. As víboras teñen veneno, aínda que non tan potente como se cre, e ademais podémolas atopar en moitos hábitats, incluíndo as zonas húmidas ou mesmo na auga. Non hai rexistradas defuncións por trabada de víbora, aínda que, de cando en vez, escoitamos casos de xente que foi atendida por causa da mordida deste réptil. Eu recordo un caso en Bergantiños, dunha persoa que traballaba no campo. Lembro tamén outro curioso suceso en Lugo, onde unha rapaza fora trabada por unha víbora que estaba agochada nun carrusel de feira. O pasado verán, a miña compañeira Carme, relatoume o caso do seu sobriño naturalista a quen picara unha víbora en Mera, despois de manipular reiterada e inconscientemente o venenoso ofidio. Por certo, o rapaz non quedou traumatizado e aínda anda detrás das serpes cando dá con algunha no campo.

Pero para min o país das víboras é Donalbán, en Laxosa, no Concello de O Corgo. O primeiro encontro (van aló varios anos) foi cando un paxariño desesperado armaba un gran barullo tentando chamar a atención de calquera que puidera liberar os seus polións dunha ameaza mortal. A estratexia liberadora funcionoulle ao paxariño e fun ver que pasaba na sebe da que saía tal escándalo. Cando me acheguei vin a serpe, unha víbora que tentaba subir polo arbusto. Ao sentirme, a depredadora tentou fuxir a carón do muro, pero como a queríamos observar de preto, tentamos pillala mentres que Rosario, a tía do meu cuñado, marchaba berrando moi espantada, pois o arreguizo que lle producen as cobras fáiselle insoportábel.

Pepe Salvadores



Víbora en Donalbán (O Corgo, Lugo)

Noutras ocasións teño visto a víbora esmagada, o seu inconfundíbel debuxo do lombo formando parte do camiño. A última experiencia foi este mesmo verán no que voltamos ver outra víbora dentro da finca, onde está a casa da miña irmá e do seu home. Este inquietante descubrimento motivou ao meu sobriño Perico a contarme o caso dun veciño: O home tentaba subir un balado cando sentiu unha picada nun pé e viu algo entre as herbas. Estaba o home nunha zona apartada onde chamar por alguén sería tarefa inútil. Decidiu voltar para casa, e custoulle. Doíalle a perna, denegrida e inchada. Cando chegou, non pediu axuda. É un home dos de antes e fixo o que lle veu á cabeza, meter o pé en auga moi quente e moi fría alternativamente. A auga púxo a máxima temperatura que podía soportar e acabou escaldando o pé. Seica chegou a esfolalo como se fose a muda da cobra. Naturalmente o médico cando se decatou botoulle unha boa reprimenda.

Na antigüidade, recoñecíanlle propiedades curativas contra a picadura dunha víbora a unha planta coñecida como *Echium vulgare*, tamén chamada

soaxe ou borrarra brava. Hoxe está descartado este remedio e outras prácticas caseiras, como o de abrir un corte na ferida e chuchar o sangue. O aconsellado é facer o seguinte: manter a calma para non aumentar o ritmo cardíaco; poñer un torniquete non demasiado apertado; e acudir a un centro médico para que apliquen, se o consideran oportuno, os antiseros necesarios. Na actualidade ter complicacións graves por mor dunha víbora non está xustificada.

Convén saber que a víbora é especie protexida polo Convenio de Berna e que non son agresivas. Son asustadizas e fuxidías, sobre todo da xente. Cando se ve por primeira vez, un dáse de conta de que é diferente ao resto das cobras. É recoñecíbel polo debuxo dorsal que semella un ziguezague e polo corpo gordecho que se estreita no pescozo antes da pequena cabeza triangular. O "V" debuxado na cabeza e os ollos ca meniña (santiña) vertical son definitivos para recoñecer a Víbora, señora de todas as cobras, respectada por todas as criaturas. Claro que sempre hai excepcións, coma a do ourizo cacho, que se bate cunha, encantado a papa.